



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 15 DE XUÑO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Proxecto de Lei da Academia Galega de Seguridade Pública

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Decreto de aprobación definitiva do proxecto de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Cerceda (A Coruña) para ampliación do polígono industrial de Acevedo

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se establece a ordenación turística dos restaurantes e as cafeterías da Comunidade Autónoma de Galicia

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 341/1998, do 12 de novembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos órganos colexiados na área das drogodependencias



## ACORDOS

### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se aproba o convenio de creación do Consorcio Galego de Servizos de igualdade e benestar e se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os primeiros concellos constituíntes.
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de educadores bolseiros para o *Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstol da Coruña*.

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a concesión de 20 bolsas de promoción exterior promovidas polo Instituto Galego de Promoción Económica.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM Rural Melide...Cuntis).

### CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte, a Comunidade de montes en man común de Estás, en Tomiño, e o Bispado de Tui-Vigo, para a recuperación do Forte dos Medos (Forte de Santiago Carrillo) en Estás, no Concello de Tomiño.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se prorroga, polo período dun ano, o contrato subscrito polo Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, de data 1 de agosto de 2004, para establecer as prestacións sanitarias así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria a realizar pola Fundación. Esta prórroga entrará en vigor o 1 de agosto de 2006 e rematará o 31 de xullo de 2007.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura da 3ª addenda ao contrato programa suscrito polo Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, con data do 1 de agosto de 2004, mediante a cal se realizarán tipaxes de histocompatibilidade aos doadores de medula ósea e de sangue de cordón umbilical para transplante de proxenitores hematopoéticos de doador non emparentado.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da 4ª addenda ao contrato programa suscrito polo Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, con data do 1 de agosto de 2004, mediante a que se incrementa o importe máximo do módulo I do contrato programa para o período 1/1/2006 ao 31/07/2006.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da cláusula adicional 3ª ao concerto de data 1 de marzo de 2004 suscrito entre o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia pola cal se fixan as tarifas e os obxectivos de mellora do proceso asistencial para o ano 2006.

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Cerdedo para a execución das obras: "Plan de saneamento. Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Cerdedo (Pontevedra)", clave OH. 336.617, por importe dun millón douscentos cincuenta e cinco mil douscentos noventa e oito euros e corenta e oito céntimos.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Soutomaior para a execución das obras: "Pequenas obras de infraestrutura hidráulica. Mellora do abastecemento a Soutomaior. Soutomaior (Pontevedra)".
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Petín para a clausura e selaxe do vertedoiro de RSU.

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer na orde pola que se convocan para o ano 2006, subvencións públicas para contratos programa de ámbito autonómico para a formación de traballadores ocupados, anticipos superiores ao 10% do importe das subvencións no momento da súa concesión e compromisos de gastos de carácter plurianual.



## INFORMES

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe polo que se dá conta ao Consello sobre a convocatoria de axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas, en réxime de concorrencia competitiva.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o acordo da mesa sectorial sobre bases do sistema de carreira profesional do persoal diplomado sanitario do SERGAS e acceso extraordinario.

### CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Informe polo que se dá conta da orde pola que se regula a Comisión Galega de Mergullo Profesional



## A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA (AGASP)

- *Este centro substituirá ao Centro de Estudos Xurídicos e Seguridade Pública de Galicia e ademais de formar policía, bombeiros e persoal de protección civil, ofrecerá cursos aos funcionarios penitenciarios, efectivos da seguranza privada e axentes forestais*
- *Favorecerá a innovación dos servizos galegos da seguranza pública e terá carácter de centro oficial de investigación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de lei de creación da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). O centro é unha reformulación do Centro de Estudos Xurídicos e Seguridade Pública de Galicia (CEXESGA) e a modificación incluírá a ampliación e cambios na súa estrutura orgánica.

O texto aprobado hoxe establece que a Academia procurará abranguer de maneira integral o proceso formativo dos xestores da seguranza cidadá. Neste sentido, o proxecto de lei recolle que a AGASP será a encargada da formación dos axentes forestais, decisión que vén xustificada pola súa condición de axentes da autoridade e as súas funcións de policía xudicial no ámbito da protección forestal.

Entre as novidades do texto hai que salientar que a Academia de Seguridade será a encargada de ofrecer en Galicia os cursos de formación complementaria a que obriga o Estado para os funcionarios penitenciarios e para o colectivo de persoas que exercen a seguranza privada en Galicia. En ambos os casos mediante relacións de cooperación coa Administración central.

Ademais continuará ofertando os cursos formativos dirixidos ás policía locais de Galicia e a outros corpos policiais, bombeiros e protección civil. Así mesmo, proseguirá a formación complementaria para os membros da carreira xudicial e fiscal en colaboración co Estado. Como centro de formación en materia de seguranza, acollerá os alumnos aspirantes a se integraren nas distintas escalas da que será a Policía Autónoma.

Entre as súas funcións estarán a adopción de medidas para fomentar a incorporación de mulleres aos corpos de seguranza. Tamén deberá favorecer a innovación dos servizos galegos de seguranza pública e a investigación xa que terá carácter de centro oficial de investigación. Para a consecución dos seus fins, a Academia poderá convocar e outorgar bolsas, axudas e premios.



### **Estrutura orgánica**

O persoal que figure como dependente do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia na correspondente relación de postos de traballo pasará a depender da nova Academia Galega de Seguridade Pública, conservando os seus dereitos económicos e administrativos.

O texto aprobado hoxe establece que a AGASP será un organismo autónomo de carácter administrativo con patrimonio propio.

Estará adscrito á Consellería competente en materia de Interior e Xustiza, actualmente a Consellería de Presidencia. O seu consello reitor estará presidido polo titular deste departamento e a vicepresidencia corresponderá ao director xeral da Academia.

Este consello estará integrado por oito vogais: o director xeral de Interior, o director xeral de Protección Civil, o director da Escola Galega de Administración Pública, un representante (cando menos con categoría de director xeral) do departamento competente en materia de menores, tres vogais designados pola presidencia do consello entre expertos en materia de seguranza pública e un representante dos concellos galegos designado pola Fegamp (Federación Galega de Municipios e Provincias). Tamén haberá un secretario, que será a persoa titular da secretaría xeral da Academia.

Por último, créase o Consello Autonómico de Formación Continua para os empregados públicos da seguridade que actuará como órgano asesor en materia de seguridade pública e estará formado por representantes das Administracións Públicas e dos sindicatos e asociacións dos colectivos que reciben formación no centro.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE CERCEDA PARA AMPLIAR O POLÍGONO DE ACEVEDO**

O Consello da Xunta aprobou hoxe de xeito definitivo, mediante decreto, o proxecto de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento (NSP) do Concello coruñés de Cerceda para a ampliación do solo urbanizable industrial no polígono de Acevedo.

A proposta formulada polo Concello afecta a 378.825 m<sup>2</sup> de terreos que as NSP vixentes clasifican como solo non urbanizable (rústico) de varias categorías.

Tras a modificación aprobada polo Consello da Xunta, da superficie total antes mencionada, 338.750 m<sup>2</sup> pasan a ser solo urbanizable non delimitado industrial. Dentro deste ámbito, cualifícanse 36.025 m<sup>2</sup> como sistema xeral de espazos libres e 2.465 m<sup>2</sup> irán destinados a dotacións locais de infraestruturas (para a instalación dunha estación depuradora de augas residuais).

Os 40.075 m<sup>2</sup> restantes son catalogados como solo rústico de protección do patrimonio, para a parte ocupada polos xacigos arqueolóxicos atopados e a zona máis próxima a eles.

A Comisión Superior de Urbanismo de Galicia informou favorablemente sobre esta modificación puntual, que responde ao interese público de necesidade de implantar unha nova área industrial contigua ao polígono industrial de Acevedo.

Así mesmo, conta con informes de carácter sectorial emitidos pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Augas de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Deputación Provincial da Coruña e Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento.



## AUTORIZADO O DECRETO DE ORDENACIÓN TURÍSTICA DOS RESTAURANTES E DAS CAFETARÍAS DE GALICIA

- *Esta norma vén actualizar a lexislación sobre a materia, de ámbito estatal, que data de 1965*
- *Como novidades do decreto destaca a introdución da figura da casa de comidas, a simplificación de trámites e a adaptación á normativa sobre tabaco*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto da Consellería de Innovación e Industria polo que se establece a ordenación turística dos restaurantes e as cafetarías da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta norma vén actualizar a lexislación sobre esta materia (a regulamentación en vigor destes establecementos, de ámbito estatal, data de 1965).

Como novidades desta norma cabe destacar, en primeiro lugar, que o proxecto introduce a figura da casa de comidas, xa definida pola Lei de Turismo de Galicia 9/1997 do 21 de agosto, e á cal agora se dota de contido establecendo os requisitos que deberán cumprir os restaurantes para poder usar esa denominación. Tamén se recollen os requisitos e condicións mínimas que deberán de cumprir os restaurantes e as cafeterías segundo a categoría pretendida, así como unha serie de disposicións comúns tales como a obriga de exhibir unha placa identificativa no seu exterior, o deber de colocar no interior dos locais o aforo máximo autorizado ou a necesidade de velar pola limpeza, calidade e conservación dos servizos e instalacións.

Polo que respecta ás disposicións aplicables unicamente aos restaurantes, ademais da regulación dos menús, hai que salientar as peculiaridades que o decreto recolle respecto aos salóns de banquetes, aos cales considera restaurantes especiais.

As cafetarías, pola súa banda, poderán ofrecer ao público os pratos combinados da casa que crean pertinentes.

### **Simplificación de trámites**

O proxecto vén simplificar as normas de autorización de apertura e clasificación turística, de xeito semellante ao resto das empresa turísticas que se están a regulamentar. Así, substitúese o sistema de dobre autorización establecido na normativa estatal actualmente aplicable por unha única autorización definitiva. O texto introduce tamén a obriga dos establecementos de cumprir coas disposicións vixentes reguladoras da venda, subministración, consumo e publicidade do tabaco, de acordo coa Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo.





## O GOBERNO GALEGO APROBA O CONVENIO DE CREACIÓN DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR, UNHA FÓRMULA PIONEIRA NA XESTIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS

- *Prevese a incorporación de máis de 300 centros sociais de toda Galicia e a creación de case 200 novos centros no ámbito da igualdade e do benestar*
- *Entre as novas instalacións, crearanse alomenos 121 escolas infantís e outros 77 centros para a atención a maiores, persoas con minusvalía e dependentes*
- *Nos vindeiros dous anos, o consorcio investirá máis de 130 millóns de euros na creación, rehabilitación e xestión de centros sociais*

Arranca hoxe a constitución formal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar coa autorización do Goberno galego para que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta asine o convenio de colaboración cos primeiros concellos constituíntes desta fórmula pioneira na xestión dos servizos sociais. Coa súa posta en marcha, o Consorcio prevé a incorporación de máis de 300 centros sociais de toda Galicia, permitindo ademais a creación de case 200 novos centros no ámbito da igualdade e do benestar. Nos vindeiros dous anos, o Consorcio investirá máis de 130 millóns de euros na creación, rehabilitación e xestión de centros sociais.

Ademais dos centros que se prevén incorporar no momento da súa posta en marcha, o Consorcio vai permitir a construción de alomenos 121 centros en materia de igualdade -escolas infantís- e de 77 novos centros en materia de benestar, entre residencias, minirresidencias e centros de día para a terceira idade e centros para atender a persoas con discapacidade. As instalacións en materia de igualdade xestionadas polo consorcio poderán xerar uns 2.000 empregos directos nos concellos onde se atopan, e no caso dos centros de benestar poderán supoñer case 1.700 empregos directos e máis de 300 indirectos.

Para os centros relacionados coa igualdade, os orzamentos deste ano consignan xa 14,5 millóns de euros, dos que máis de 9 millóns se adicarán á construción e recuperación de centros e outros 5,4 millóns de euros serán para o mantemento e a xestión dos mesmos. Polo que respecta aos centros para maiores e persoas con discapacidade, os investimentos superan os 52 millóns de euros para a construción e rehabilitación, mentres que case 65 millóns de euros anuais serán para a súa xestión unha vez estean en funcionamento.

### Fórmula pioneira

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar é unha fórmula pioneira de xestión entre a Xunta de Galicia e os concellos das políticas de igualdade e de atención á terceira idade e ás persoas dependentes. Trátase dunha fórmula de xestión moderna e novedosa que pretende mudar as relacións de dependencia e xerarquía que ata agora existían entre o Goberno autonómico e os concellos galegos, para pasar a



colocar estas relacións nun plano de igualdade e de trato “de ti a ti”. Este novo modelo permitirá homoxeneidade na prestación dos servizos sociais, ao tempo que servirá para darlle estabilidade á oferta de servizos que se prestan.

O protocolo de creación do Consorcio fora asinado o pasado 24 de abril en Santiago polo vicepresidente da Igualdade e do Benestar da Xunta, Anxo Quintana, e o presidente da FEGAMP, Xosé Crespo. Tras ese primeiro paso, agora o Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Vicepresidencia e os primeiros concellos constituíntes. Deste xeito, os primeiros municipios galegos en adherirse ao consorcio son Portas, Taboadela, Vilamarín, Boimorto, Carnota, As Neves, Outes, Xove, Cerdedo, Allariz, A Illa de Arousa, Laza, Ribadeo e Carballeda de Avia. Tras esta constitución, poderán irse incorporando todos os demais concellos que o desexen.



## **A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR CONVOCARÁ 12 PRAZAS DE EDUCADORES-BOLSEIROS NO CENTRO DE ASISTENCIA E EDUCACIÓN ESPECIAL SANTIAGO APÓSTOLO DA CORUÑA**

- ***O Goberno galego autorizou hoxe os gastos que regularán a orde pola que se convocarán estas prazas para o curso escolar 2006-2007***

O Consello da Xunta deulle o visto e prace á orde pola que se determinan as bases reguladoras da convocatoria de prazas de educadores-bolseiros para o centro de asistencia e educación especial Santiago Apóstolo da Coruña para o curso escolar 2006-2007. Trátase dun programa que a Xunta financiará con 11.640 euros.

Con esta iniciativa, o Goberno galego pretende formar e capacitar os bolseiros en temas relacionados coas persoas con discapacidade intelectual, e sobre todo, na promoción da autonomía persoal e na atención ás persoas en situación de dependencia, dado que se precisarán moitos profesionais neste eido ante a inminente aprobación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas dependentes. Os bolseiros gozarán de aloxamento e mantenza gratuíta no centro durante o vindeiro curso escolar, así como de axudas para sufragar os gastos ocasionados polo pagamento das matrículas académicas e do material escolar.

Unha vez que saia publicada a orde no *Diario Oficial de Galicia*, poderán participar na convocatoria as persoas que estean cursando ou teñan rematado os estudos superiores, medios, de formación profesional grao superior (FP2) e/ou técnicos superiores de formación profesional nunha facultade, colexio universitario ou escola técnica. Teñen que ter entre 18 e 28 anos, non ter gozado con anterioridade da condición de educador-bolseiro e non padecer enfermidade con limitación física e psíquica que lles impida o normal desenvolvemento das actividades.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG. As persoas interesadas deberán presentar as solicitudes no rexistro da delegación provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Coruña, xunto coa documentación pertinente.



## **A XUNTA DESTINA 1,3 MILLÓNS DE EUROS AO PROGRAMA DE BOLSAS DE PROMOCIÓN EXTERIOR DESENVOLVIDO POLO IGAPE**

- *Un total de 20 bolseiros beneficiaranse desta iniciativa e realizarán prácticas encamiñadas á captación de investimentos e expansión exterior da empresa galega*
- *A contía de cada bolsa oscila entre os 20.400 euros e os 46.920 euros*

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión deste xoves, a concesión de 20 bolsas de promoción exterior do Instituto Galego de Promoción Económica, por valor de 1.341.000 euros. A convocatoria destas bolsas será publicada proximamente no *Diario Oficial de Galicia* e ten como obxecto formar 20 especialistas no ámbito internacional, á vez que realizar prácticas encamiñadas á captación de investimentos e expansión exterior da empresa galega. Entre os obxectivos que se perseguen con esta convocatoria destaca a procura de novas oportunidades de negocio no estranxeiro e a investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.

Poderán solicitar estas bolsas aqueles titulados que sexan galegos, fillos ou descendentes de galegos ou que acrediten máis de 2 anos de residencia na Comunidade Autónoma. Deberán posuír unha titulación universitaria en Arquitectura, Bioloxía, Ciencias do Mar, Ciencias Económicas e Empresariais, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Empresariais, Economía, Dereito, Ciencias Políticas, Física, Enxeñería ou Química obtida con posterioridade ao 31 de decembro de 1999.

Valorarase dominio, falado e escrito, dos idiomas alemán, francés, inglés, italiano ou portugués. Os candidatos elixirán un idioma e examinaranse na lingua elixida de cara á resolución da convocatoria.

A duración de cada bolsa establécese nun máximo de 12 meses e disfrutaranse nos centros de promoción de negocios do IGAPE no exterior, nas oficinas económicas e comerciais de España no estranxeiro ou noutros destinos concertados polo IGAPE.

### **Contía de cada bolsa**

As bolsas estarán dotadas cunha cantidade base anual de 20.400 euros brutos, podendo ascender ata 46.920 euros brutos segundo o país de destino. O IGAPE correrá cos cargos de desprazamento ao país de destino do bolseiro e establece a obriga de que os beneficiarios residan na cidade asignada no tempo previsto. Poderán ser trasladados de cidade, ou mesmo de país, temporal ou definitivamente, con notificación previa do IGAPE.



## **EDUCACIÓN REGULA A FORMACIÓN DO PROFESORADO QUE RESPONDERÁ ÁS DEMANDAS SOCIAIS E ÁS NECESIDADES DOS DOCENTES E PERMITIRÁ A COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN**

- *A formación do profesorado estrutúrase nos plans marco, trianuais, anual e os específicos dos centros de formación e recurso*
- *O Servizo de Formación do Profesorado organizará e coordinará as accións da formación permanente do profesorado*
- *Os asesores de formación participarán no desenvolvemento destas accións e na elaboración dos diversos programas que se planifiquen*

O Goberno galego deu hoxe o visto e prace ao decreto que regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centro docentes da comunidade galega sostidos con fondos públicos. A Administración educativa contribúe así a deseñar unha formación do profesorado sensible ás necesidades dos docentes, ás demandas sociais e ás recomendacións dos organismos internacionais, aberta á colaboración con institucións de prestixio no ámbito educativo, inserta no contorno sociocultural e lingüístico e suxeita aos procesos avaliativos que garantan a calidade e favorezan a mellora continua.

Ademais, a Xunta de Galicia promove así o desenvolvemento profesional do profesorado para a mellora da práctica educativa, concibindo a súa formación como un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade da Administración pública e dos propios centros. Neste sentido, a Consellería de Educación planificará as actividades de formación, garantirá unha oferta diversificada e de balde e establecerá as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado.

Deste xeito, a formación permanente enténdese como un proceso próximo e sensible ao contorno de traballo, ligado ás prioridades do sistema educativo e ás necesidades do profesorado, e desenvolvido a través de itinerarios prolongados no tempo que integren as diferentes modalidades e estratexias de formación.

### **Planificación**

Segundo o decreto aprobado hoxe, a formación do profesorado estrutúrase en varias accións que inclúen o plan marco, plans trianuais, o plan anual e os plans dos centros de formación e recursos. Deste xeito, o plan marco será aprobado pola conselleira de Educación e terá unha duración máxima de seis anos. Esta acción comprenderá un conxunto de principios e orientacións entre os cales se incluírán a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e didácticas específicas e outras indicacións encamiñados á mellora da calidade do ensino e o funcionamento dos centros.



Os plans trianuais reflectirán os obxectivos xerais e as liñas prioritarias de actuación que servirán de referente para a formación permanente do profesorado. Incluirán os programas específicos do plan marco e darán resposta ao concepto de competencias profesionais que o profesorado debe adquirir e ás funcións que o profesorado debe desempeñar nunha sociedade en permanente cambio.

O plan anual de formación do profesorado concretará as accións dos plans trianuais para cada curso escolar e abarcará o conxunto de actuacións que as direccións xerais determinen sobre formación permanente do profesorado. Este plan incluirá tamén as iniciativas formativas elaboradas por cada un dos centros de formación e recursos.

Precisamente, os plans de formación dos centros de formación e recursos comprenderán a concreción dos plans trianuais para cada curso escolar en cada un dos centros de formación e recursos. A súa elaboración terá en conta as necesidades de formación detectadas polas estruturas de formación; as propostas realizadas polo profesorado; os principios establecidos no plan marco e as prioridades emitidas polas direccións xerais con competencias en materia de formación do profesorado. Este conxunto de accións serán aprobadas polos consellos de formación de cada centro.

Ademais das accións promovidas directamente pola Consellería de Educación, a Administración poderá establecer liñas de colaboración con outras institucións para levar a cabo accións nesta materia.

### **Adecuación da oferta**

O decreto recolle tamén a creación dun sistema de avaliación dos plans de formación e a súa repercusión no sistema educativo. Precisamente, para a análise dos procesos e resultados, o Servizo de Formación do Profesorado e os centros de formación e recursos elaborarán unha memoria sobre a valoración das accións e con esta información a Administración educativa elaborará un informe anual.

O texto normativo tamén establece os órganos de xestión da formación do profesorado. Deste xeito, o Servizo de Formación do Profesorado é a unidade administrativa responsable de organizar e coordinar as accións da formación permanente do profesorado. Ademais, os asesores de formación serán funcionarios de carreira que imparten clases en centros dependentes da Consellería de Educación. Estes profesionais participarán no desenvolvemento destas accións e na elaboración dos diversos programas que se planifiquen. Estes asesores serán seleccionados mediante concurso público.

Os centros de formación e recursos (CFR) son as unidades responsables da planificación e organización da formación permanente do profesorado no seu ámbito de actuación e prestan, a un tempo, un servizo de apoio ao profesorado que exerce as súas funcións nos niveis educativos non universitarios.



## **MEDIO RURAL ASINA 7 CONVENIOS MÁIS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS**

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para asinar novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, cun orzamento previsto nesta décima quenda de 699.544 euros distribuídos en dúas anualidades.

Nesta novena fase, destinaranse 699.544 euros para as obras que se executarán, despois da sinatura dos convenios, nos concellos de Melide, Moeche, Montederramo, Muíños, Paderne de Allariz, Xunqueira de Ambía e Cuntis.

Estes 7 concellos correspondentes á décima quenda súmanse aos 172 incluídos nos anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas proseguirase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plano de investimentos a realizar en distintos concellos de Galicia denominado Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os cales se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Incluiranse tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos de competencias que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento, e mecanismo de seguimento da execución do convenio.



## A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 600.000 EUROS EN RECUPERAR O FORTE DOS MEDOS, EN TOMIÑO

- *A rehabilitación incluíra un percorrido para visitar esta construción do século XVII*
- *A actuación forma parte dun programa europeo conxunto co Norte de Portugal para rehabilitar as antigas fortalezas militares nas beiras do Miño*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte, a Comunidade de Montes en Man Común de Estás e o Bispado de Tui-Vigo para a recuperación e posterior posta en valor da fortaleza dos Medos, en Tomiño. Ao abeiro deste convenio, establecerase un percorrido para que a xente poida visitar esta construción militar do século XVII. Para isto a Xunta investirá 622.600 euros durante este ano 2006.

En primeiro lugar, limparase a fortaleza e os seus arredores da vexetación que a cubre parcialmente para, deste xeito, poder identificar os seus perfís con maior facilidade. En segundo lugar, rehabilitarase o seu contorno mediante a eliminación ou o traslado de elementos alleos. É o caso dun palco da música e dun campo de fútbol de terra, que se trasladarán a un lugar máis afastado para que non interfiran co conxunto. Tamén se desviarán dous camiños veciñais para, igualmente, respectar a unidade da fortaleza.

A actuación da Consellería de Cultura inclúe a creación dun percorrido pola parte superior para que a xente poida visitar e coñecer a fortaleza. Finalmente, estudarase o emprego de materias vexetais para fixar as estruturas. As obras contarán en todo momento con supervisión arqueolóxica para atender eventuais descubrimentos de restos. Así mesmo, haberá unha análise para investigar o sistema construtivo deste tipo de fortalezas.

O forte dos Medos, construído no século XVII nun contexto de guerra entre España e Portugal, é unha fortaleza de terra duns 100.000 metros cadrados. Con esta superficie é a construción militar deste tipo máis grande que se atopa na zona.

### **Programa europeo transfronteirizo**

A actuación da Consellería de Cultura no forte dos Medos forma parte do programa FORTRANS para recuperar as fortalezas militares que, durante o século XVII, se construíron nas beiras portuguesa e galega do Miño. Ademais de recuperar este patrimonio histórico e cultural, potenciarase un recurso de gran valor para o desenvolvemento turístico e cultural de toda a rexión.

Trátase dun programa xestionado conxuntamente entre, por unha banda, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e, pola outra, a Cámara Intermunicipal do Vale do Minho, a Cámara Municipal de Valença e a Cámara





Municipal de Monção. O proxecto está financiado nun 75% con fondos europeos do Interreg III e, para os anos 2006 e 2007, contará con 1.350.000 euros en intervencións no territorio galego.

### **Seis fortalezas e un centro de interpretación**

Na actualidade estanse realizando obras de recuperación en cinco fortalezas máis aparte da dos Medos: San Lourenzo e da Nosa Señora da Concepción de Goián; en Santa Cruz na Guarda, na Torre de Fornelos en Crecente e no castelo de Salvaterra do Miño. De xeito que, en total, serán seis as fortalezas que, ao cabo do programa, estarán rehabilitadas para garantir a súa conservación e o seu coñecemento.

Precisamente, para facilitar a comprensión deste tecido militar e as súas repercusións no espazo xeográfico e na Historia, FORTRANS tamén inclúe a creación dun centro de interpretación, así como a elaboración de diverso material divulgativo, un roteiro cultural e un sitio web.



## O SERGAS DESTINA 9,6 MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DO PROCESO ASISTENCIAL NO CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA PARA 2006

- *O Sergas quere potenciar un modelo de atención onde a mellora do trato, o respecto á intimidade e a información ao usuario teñan un maior peso dentro do proceso de atención sanitaria.*

O Consello da Xunta celebrado hoxe autorizou a sinatura dunha cláusula adicional ao concerto subscrito entre o Sergas e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia, pola que se fixan as tarifas e os obxectivos de mellora do proceso asistencial para o presente ano. O importe máximo da actividade para este ano é de 9.697.000 euros.

Dado que o Sergas debe de garantir que as actuacións de saúde teñan orientación ao cidadán, deberase potenciar un modelo de atención onde a mellora do trato, o respecto á intimidade e a información ao usuario teñan un maior peso dentro do proceso de atención sanitaria.

Deste xeito, o Centro Oncolóxico de Galicia comprométese a manter os aspectos organizativos en relación ás condicións de acceso, acollida, de confort e trato ao usuario mediante diversas actuacións.

Entre esas actuacións están un Plan de Acollida ao Paciente e Usuario que abranguerá a información ao enfermo e aos seus familiares do funcionamento do centro.

Así mesmo, o dito centro asegurará o cumprimento do dereito do paciente a coñecer a información e documentación clínica e recollerá a opinión e suxestión dos pacientes e usuarios do Sergas.

Ademais, co obxectivo de mellorar a equidade e a calidade da atención, coordinaranse actividades baixo criterios comúns. A todo o antedito hai que engadir o deseño e implantación de protocolos ou guías de práctica clínica para os procedementos máis frecuentes por cada área asistencial.



## **AS ACTIVIDADES DO CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA SERÁN FINANCIADAS CON 13,6 MILLÓNS DE EUROS POR PARTE DO SERGAS**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou unha prórroga do contrato-programa establecido entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, para establecer as prestacións sanitarias así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria a realizar pola antedita fundación.

O contrato programa é o instrumento regulador das relacións entre as fundacións públicas e o Sergas tanto para prestacións dos servizos sanitarios como doutros incluídos no seu obxecto social.

O compromiso económico derivado deste acordo de prórroga é de 13.626.647,50 euros. Esta prórroga entrará en vigor o 1 de agosto de 2006 e rematará o 31 de xullo de 2007.

Tamén hoxe o plenario do Goberno galego autorizou a sinatura dunha addenda ao mesmo contrato programa subscrito polo Servizo Galego de Saúde e a Fundación Centro de Transfusión de Galicia (CTG), mediante a cal se realizarán tipaxes de histocompatibilidade aos doadores de medula ósea e de sangue de cordón umbilical, para transplante de proxenitores hematopoéticos de doador non emparentado.

Os proxenitores hematopoéticos son os encargados de producir todas as células do sangue e diversas células doutros tecidos. O compromiso económico derivado desta addenda é de 52.500 euros.

Tanto o Sergas como o CTG realizarán as accións oportunas conducentes á realización das tipaxes aos doadores de medula ósea e sangue de cordón umbilical, así como a inscrición, se for o caso, no Rexistro de Doadores de Médula Ósea. O Centro de Transfusión comprométese a facer a selección de candidatos a doadores e as tipaxes baixo unhas condicións concretas tanto técnicas como de calidade.

O Centro de Transfusión de Galicia, ao finalizar o proceso, enviará ao doador información da súa inscrición no Rexistro de Doadores de Medula Ósea. Cunha periodicidade mensual o Centro de Transfusión enviará á Oficina de Coordinación de Transplantes do Sergas a declaración de cada proceso.

### **Órganos colexiados na área das drogodependencias**

Doutra banda, o Goberno galego modificou o decreto que regula a composición e funcionamento dos órganos colexiados na área das drogodependencias para adecuar a Comisión de Coordinación Interconsellerías, as Comisións Interadministracións Públicas ou a Comisión de Coordinación con Organizacións non Governamentais á

Gabinete de Comunicación

San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41

Correo-e: gabinete@xunta.es



actual estrutura, competencias e facultades dos órganos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, así como aos cambios producidos na estrutura da Xunta de Galicia, e manter vixentes estes órganos; pero tendo en conta a realidade estrutural da Administración en que se enmarcan, por seren órganos de coordinación que xuntan a actuación de varios departamentos da Xunta de Galicia.



## MEDIO AMBIENTE CONSTRUIRÁ UN NOVO DEPÓSITO DE AUGAS EN SOUTOMAIOR PARA SOLVENTAR AS CARENCIAS DE ABASTECIMENTO

- *A nova infraestrutura hidráulica, que ten un orzamento de 191.683 euros, disporá de maior capacidade que a existente na actualidade*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Soutomaior (Pontevedra) levarán a cabo unha obra de mellora do abastecemento na localidade pontevedresa. O proxecto foi aprobado hoxe no consello da Xunta, ascendendo o seu orzamento a 191.683 euros. Deste contía, a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) acehgará o 80%, mentres o 20% restante será aboado polo Concello de Soutomaior.

As obras permitirán solucionar os problemas de abastecemento de auga que existen na actualidade. O sistema actual consta dunha captación de 30 litros/segundo que conduce a auga desde o encoro de Eiras a Vigo, conducción por gravidade ao depósito Chan do Coello e unha rede de distribución ás parroquias de San Salvador e Arcade. O volume actual de auga subministrada diariamente desde o depósito de Arcade é de 740 metros cúbicos, polo que se baleira ata catro veces ao día, provocando caída de presión da rede. A solución proposta consiste na construción dun novo depósito en Arcade con capacidade de 1.500 metros cúbicos.



## O GOBERNO GALEGO INVISTE 1,2 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCIÓN DUNHA REDE DE COLECTORES E DEPURADORA EN CERDEDO

- *A nova EDAR estará preparada para atender unha poboación dun millar de habitantes*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible levará a cabo un importante actuación en materia de saneamento na localidade pontevedresa de Cerdedo. O proxecto, que consiste na construción dunha rede de colectores e unha depuradora, foi aprobado hoxe no Consello da Xunta.

O departamento autonómico, a través do organismo Augas de Galicia, acometerá a mellora da rede de saneamento mediante a construción de novos colectores, con separación de augas pluviais e fecais e un bombeo de residuais coa súa impulsión ata a depuradora. Así mesmo, o proxecto prevé a construción dunha nova estación de augas residuais (EDAR) en substitución da existente que presenta deficiencias no seu funcionamento.

O proxecto conta cun orzamento de 1,2 millóns de euros, que serán achegados integramente pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), que o financiará con cargo aos orzamentos dos vindeiros catro anos, ata 2009.



## **A CLAUSURA E SELAXE DO VERTEDOIRO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DE PETÍN (OURENSE) TERÁ UN INVESTIMENTO, POR PARTE DE MEDIO AMBIENTE, DE CASE 310.000 EUROS**

O Consello da Xunta, na súa reunión celebrada hoxe, deu luz verde ao proxecto de clausura e selaxe do vertedoiro de residuos sólidos urbanos do municipio ourensán de Petín. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará un total de 309.350 euros, con cargo aos seus orzamentos deste ano, para financiar esta actuación.

Os traballos para a clausura, impermeabilización e acondicionamento deste vertedoiro, situado na parroquia de Santa María de Mones, nunha antiga canteira de extracción de arxila para cerámica, durarán tres meses. A selaxe da superficie que ocupa, uns 5.000 metros cadrados, finalizará coa revexetación deste espazo e a súa integración ambiental. Estas obras enmárcanse no programa de clausura e selaxe dos vertedoiros de Galicia que está a levar a cabo a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.



## TRABALLO DESTINA MÁIS DE 9.600.000 EUROS Á CONVOCATORIA DE CONTRATOS PROGRAMA PARA A FORMACIÓN DE TRABALLADORES OCUPADOS

- *Os plans de formación continua obxecto do financiamento teñen como obxectivo tanto a mellora das competencias e cualificacións como a actualización e especialización profesional dos traballadores ocupados*
- *Os colectivos prioritarios no acceso a estes programas serán os traballadores de pequenas e medianas empresas, as mulleres, as persoas con discapacidade, as persoas maiores de 45 anos e persoas traballadoras non cualificadas calquera que sexa o tamaño da empresa onde presten os seus servizos*
- *Na concesión dos cursos valorarase aqueles que inclúan accións de alfabetización informática, de sensibilización ambiental ou de formación para a igualdade*

A aprendizaxe permanente é un elemento esencial na sociedade do coñecemento polo que a Consellería de Traballo destina máis de 9.600.000 euros á execución de plans de formación continua dirixidos a traballadoras e traballadores ocupados, cuxo obxectivo é tanto a mellora das competencias e cualificacións, como a actualización e especialización profesional dos traballadores ocupados, sen que para iso sexa necesaria a intermediación das empresas en que prestan os seus servizos.

Nestas actuacións inclúense plans de formación intersectoriais, sectoriais, específicos da economía social e plans de formación dirixidos a traballadores autónomos, calquera que sexa o sector ou rama de actividade en que a persoa traballadora presta os seus servizos.

Poderanse beneficiar destes cursos, cuxa impartición poderá ser presencial, a distancia convencional, teleformación ou mixta, as persoas asalariadas que prestan os seus servizos en empresas privadas ou entidades públicas empresariais e cotizan á Seguridade Social en concepto de formación profesional, así como os traballadores fixos discontinuos nos períodos de non ocupación, os que accedan a situación de desemprego cando se encontren en período formativo, os que se atopen acollidos a regulación de emprego nos seus períodos de suspensión de emprego por expediente autorizado, as persoas traballadoras incluídas nos réximes especial agrario, de autónomos, do mar e outros da Seguridade Social que non coticen pola continxencia de formación profesional, as persoas socias traballadoras e de traballo de cooperativas sociedades laborais e empresas e entidades da economía social.

Na selección de traballadores teranse en consideración, sempre consonte criterios obxectivos e de igualdade, como colectivos prioritarios: os traballadores e traballadoras de pequenas e medianas empresas (especialmente das de menos de 50 persoas traballadoras), as mulleres, as persoas con discapacidade, as persoas maiores





de 45 anos e persoas traballadoras non cualificadas calquera que sexa o tamaño da empresa onde presten os seus servizos. En todo caso a taxa de participación de mulleres no conxunto de cada plan formativo deberá ser de polo menos 5 puntos porcentuais superior á taxa xeral de ocupación feminina no correspondente ámbito territorial/sectorial.

Na concesión dos cursos valorarase que entre as accións formativas que integren os plans de formación se inclúan accións de alfabetización informática, de sensibilización ambiental ou formación para a igualdade, e que as devanditas accións estean dirixidas a maiores de 45 anos en sectores nos cales se introduzan novas tecnoloxías, persoas desempregadas en sectores ou zonas en proceso de reconversión, traballadores con dificultades de acceso á formación e persoas traballadoras desfavorecidas: mozos e mozas menores de 25 anos cun primeiro contrato de 6 meses ou inferior, persoas discapacitadas, persoas reingresadas ao mercado de traballo tras un período de interrupción da súa vida laboral superior a 3 anos, durante os seis primeiros meses, maiores de 45 anos con niveis de formación inferiores a bachelarelato e persoas reingresadas ao mercado laboral tras un período ininterrompido de 12 meses en desemprego durante os 6 primeiros meses.

### **A importancia da formación ao longo de toda a vida laboral**

A formación profesional continua ten como finalidade proporcionarlles aos traballadores ocupados a cualificación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas axeitados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior competitividade coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

Esta formación constitúe un valor estratéxico prioritario nos procesos de cambio tecnolóxico, económico e social, constituíndo así un instrumento esencial para a estabilidade no emprego e a cohesión social, xa que permite mellorar e ampliar os coñecementos e capacidades dos traballadores segundo as necesidades de evolución do seu emprego como consecuencia dos cambios tecnolóxicos e organizativos dos procesos de produción, ao tempo que se lles proporciona unha maior motivación para o progreso na súa cualificación profesional e se lles recoñece, de forma fiable, con carácter oficial e alcance sectorial, a competencia adquirida durante a vida laboral.



## O GOBERNO GALEGO DESEÑA UN NOVO PROGRAMA PARA CONSOLIDAR E ESTRUCTURAR UNIDADES DE INVESTIGACIÓN NO EIDO UNIVERSITARIO DOTADO CON 12,2 MILLÓNS DE EUROS

- *As axudas, convocadas por primeira vez, beneficiarán a grupos de referencia competitiva pola súa actividade investigadora; a redes de investigación e a grupos emerxentes*

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou o Consello da Xunta sobre a convocatoria, por primeira vez, de axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación no ámbito universitario galego. A Administración educativa destinará un total de 12.200.000 euros a esta liña de axudas, que se distribuirán en catro anualidades.

O obxectivo deste programa é que o Sistema Universitario Galego camiñe cara a excelencia e que as universidades que o conforman sexan un referente no ámbito da investigación. As axudas que se convocarán inclúense dentro dun programa que promove o Goberno galego para a consolidación e estruturación das unidades de investigación existentes no sistema galego.

Preténdese dar un salto significativo na calidade dos resultados e no alcance e impacto da produción científica galega.

Estas axudas convocaranse en liña coas accións que se recollerán no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 e en anos sucesivos a convocatoria realizarase conxuntamente entre a Administración educativa e a Consellería de Innovación e Industria.

Laura Sánchez Piñón informou que as axudas serán de tres tipos: a grupos de referencia competitiva pola súa actividade de investigación; a redes de investigación e a grupos emerxentes promovidos por investigadores mozos.

Estas axudas destinaranse a sufragar o custo de persoal investigador ou auxiliar que contrate o grupo; a adquisición equipamento e material funxible; a dotación de bibliografía; á formación dos membros do grupo; á realización de viaxes; e á organización de actividades de difusión, entre outras.

O *Diario Oficial de Galicia* publicará proximamente esta convocatoria. Os interesados disporán de 31 días naturais contados a partir do día seguinte desa publicación para solicitar estas axudas.



## MÁIS DE 7.000 PROFESIONAIS SANITARIOS DO SERGAS ACCEDERÁN AO RECOÑECEMENTO PROFESIONAL MEDIANTE GRAOS DE CARREIRA

- *Os profesionais teñen ao seu dispor, con este acordo, un estímulo para mellorar a calidade do seu traballo de maneira continua e voluntaria, a través dunha ferramenta que lle aporta un recoñecemento profesional vinculado aos seus coñecementos, experiencia, investigación, formación e actividade*
- *O acordo, suscrito o pasado luns, beneficiará a uns 7.000 profesionais*

A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, informou hoxe o Consello da Xunta do acordo acadado polo Servizo Galego de Saúde e os sindicatos, no seo da mesa sectorial, referido á regulación dun sistema extraordinario de carreira profesional que vai permitir que 7.000 profesionais das categorías de diplomados sanitarios do Sergas accedan ao recoñecemento profesional mediante graos de carreira.

No acordo recóllense elementos esenciais e bases de negociación para que, mediante un decreto, quede regulado un sistema ordinario de carreira profesional, tanto para o persoal diplomado como licenciado sanitario.

A carreira profesional é un instrumento para mellorar o futuro do persoal a través da percepción que os cidadáns teñen da prestación sanitaria. Ten, polo tanto, un valor para os traballadores, para a Administración, e tamén para a poboación.

Con este acordo, os profesionais teñen ao seu dispor un estímulo para mellorar a calidade do seu traballo de maneira continua e voluntaria, a través dunha ferramenta que lle proporciona un recoñecemento profesional, en modo de catro graos de carreira que se acadan sucesivamente, e que lles suporá unha remuneración salarial con contías que van desde 1.950 euros no grao I ata 7.800 euros no grao IV.

Este recoñecemento está vinculado aos seus coñecementos, experiencia, investigación e formación, así como tamén polo compromiso nos resultados da actividade cos obxectivos da Administración sanitaria.

Ese recoñecemento e remuneración progresará na mesma medida que os aspectos que se valoran, impulsando a participación dos traballadores na calidade das prestacións asistenciais. Deste modo, canto máis melloran as capacidades e méritos dos profesionais, maior será a súa repercusión no sistema e, por conseguinte, maior será o beneficio para os cidadáns.

O acordo, que foi asinado o pasado luns polo Sergas coas organizacións sindicais UXT, CC.OO, CSI-CSIF e CEMSATSE, establece un acceso rápido á carreira para o actual persoal fixo, como sistema extraordinario ou transitorio con respecto ao



ordinario, este último aplicaráselle aos futuros profesionais que accedan ao Sergas, así como aos que queiran completar a carreira obtida polo réxime ordinario.

Os importes dos graos para 2006 ascenden a 1.650 euros anuais, incrementándose, anualmente, ata que cada grao acade a contía última de 1.950 euros en 2010. Durante estes catro anos realizarase o período de implantación progresiva. Así, no ano 2010, os profesionais con 25 anos de servizos prestados que superen a avaliación poderán obter o grao IV, polo importe de 7.800 euros.

A carreira profesional cumpre o obxectivo do departamento que preside María José Rubio Vidal de implantarse no 2006, con efectos do 1 de xullo.

A proposta galega pode cualificarse como das mellores do Sistema Nacional de Saúde, tanto polas súas características, cun baremo que recolle a experiencia e niveis de resultados que fornecen calidade, como pola irreversibilidade do grao acadado, así como polas importantes contías que percibirán os profesionais.



## A XUNTA CONSTITUIRÁ A COMISIÓN GALEGA DE MERGULLO PROFESIONAL

- *Pesca informou ao Goberno galego da nova orde pola que se regulará a composición, funcións e funcionamento deste organismo*

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos deu conta hoxe ao Consello da Xunta de Galicia da orde pola que se regula a Comisión Galega de Mergullo Profesional. Esta normativa regravará a composición, as funcións e o réxime de funcionamento da nova entidade, que se constituirá como un órgano colexiado e consultivo da Xunta nos asuntos referentes á práctica desta actividade en Galicia.

Coa constitución deste comité, o departamento de Pesca galego satisfai unha das peticións máis demandadas polo sector, xa que abordará asuntos como as condicións laborais ou a seguranza no traballo.

### Contido

Segundo esta orde, consensuada previamente co sector e os sindicatos, a Comisión Galega de Mergullo Profesional estará formada por traballadores do mergullo e do sector recolector, integrantes da Asociación de Profesionais do Mergullo de Galicia (Promega), así como membros das organizacións sindicais. En concreto, estará integrada por un presidente e un secretario, elixidos pola conselleira de Pesca de entre o persoal do departamento que dirixe; dous vogais elixidos polas asociacións de mergullo profesional; dous vogais designados polas asociacións de recolectores; un vogal de Promega; e un vogal nomeado por cada un dos sindicatos con maior representatividade na Comunidade Autónoma galega (UGT,CC.OO. e CIG).

O novo organismo terá como funcións máis destacadas a colaboración coa Consellería de Pesca en materia de planificación e programación de actividades. Ademais, deberá estudar e propoñer as reformas que coide necesarias na regulamentación desta práctica profesional, así como a elaboración de informes e ditames sobre a materia. A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos prestará o conxunto de medios persoais, técnicos, económicos e materiais necesarios para o exercicio destas tarefas.

Respecto do seu funcionamento, a Comisión comezará por elaborar unha normativa de réxime interior con que pautará as reunións ordinarias e extraordinarias, as convocatorias e os requisitos de constitución.